



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Área Economía, Facenda e Réxime Interior

*Apertura do prazo de emenda ou mellora das solicitudes de participación na convocatoria de axudas á creación artística para artistas individuais empadroados na Coruña. Ano 2022*

#### ANUNCIO DO SERVIZO DE CULTURA DO CONCELLO DA CORUÑA

##### TRÁMITE DE EMENDA DE SOLICITUDES

Apertura do prazo de emenda ou mellora das solicitudes de participación na convocatoria de axudas á creación artística para artistas individuais empadroados na Coruña. Ano 2022.

Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria de axudas do ano 2022 destinadas á creación artística para artistas individuais empadroados/as na Coruña, aprobada polo Concello da Coruña (BOP núm. 180, do 21.09.2022) e publicada na BDNS (Identif.: 648715), publícase a listaxe de todas as solicitudes presentadas con indicación da emenda que se require.

De acordo co previsto na base 6.7 que regula a convocatoria, ábrese un prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES**, a contar desde o día seguinte á súa publicación no BOP da Coruña, para que se corrixa os defectos indicados en cada caso. A solicitude que se presente por tal motivo, deberá citar expresamente o código do expediente.

A tenor do disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, requírese as persoas interesadas para que nun prazo de dez (10) días hábiles emenden as deficiencias indicadas, advertíndolles que, se así non o fixeren, teráselles por desistidas das súas peticións, previa resolución.

Así, na devandita listaxe, explícase na columna de documentación a emenda ou mellora que se debe achegar para continuar coa tramitación. No caso de que a solicitude non se poida aceptar por ser presentada fora de prazo, aparecerá así establecido en dita columna.

Aos efectos de facilitar o trámite de emenda da documentación detallada na seguinte táboa, aclaramos os seguintes conceptos:

#### **1. As axudas teñen como obxecto contribuír aos gastos ocasionados polo desenvolvemento de proxectos artísticos: creación, investigación, edición e difusión.**

Non se deben incluír gastos e ingresos que sexan posteriores á creación e produción, nin gastos e ingresos previstos para ao 2023.

O proxecto debe rematar en 2022.

Pódese entender que a produción remata coa elaboración dunha obra, maquetación de discos, edición e impresión de libros, estrea dunha obra de teatro, etc.

Poderíase incluír a realización no ano 2022 de algún concerto ou espectáculo que contribúa á difusión ou publicidade da obra creada (por exemplo, estrea).

No caso de incluír algún concerto ou espectáculo, débense meter os ingresos previstos en concepto de recadación, salvo que sexan gratuítos.

No caso de que os libros e CDs editados se vaian a destinar á venda, débense meter os ingresos previstos en concepto de recadación, salvo que sexan gratuítos.

Non se deben meter os ingresos futuros que se prevea obter por, posteriormente, vender esa obra, facer concertos, espectáculos. A obra creada é propia do autor e con ela obterá ou non rendementos futuros.

#### **2. Non se admiten proxectos que non impliquen unha idea nova. Debe existir unha creación en 2022.**

Así por exemplo, non se poden admitir proxectos que fagan referencia a obras ou temas musicais xa creados en anos anteriores.

### 3. O orzamento débese achegar debidamente cumprimentado.

No orzamento inclúense todos os gastos e ingresos do ano 2022 previstos que teñen relación directa coa creación e desenvolvemento do proxecto. Non se debe incluír como ingreso o importe da propia axuda que se solicita.

O orzamento (ingresos-gastos) debe indicar un déficit de dez mil (10.000) euros ou inferior. Para isto, no caso de que os gastos sexan moi elevados (superen o importe máximo da axuda de dez mil euros), débense incluír ingresos como aportación propia.

No caso de que non se inclúa a aportación propia, dende o Servizo de Cultura considerárase que o solicitante vai aportar a dita cantidade á realización do proxecto.

Posteriormente, no momento en que se conceda a subvención, no caso de que sexan menos de 10.000 euros, o beneficiario poderá reducir o importe correspondente á aportación propia e incluso non aportar nada se non é preciso.

### 4. O autor ou creador non terá dereito a percibir ningunha retribución (salario), nin será subvencionable a súa cota de autónomos.

A creación subvenciónase mediante o concepto “Soporte básico de dedicación”.

As bases establecen un importe máximo de dous mil (2.000) euros como máximo por este concepto. Se se pretende incluír este gasto, débese meter dentro do orzamento de gastos nun apartado propio.

**Soamente se poderán incluír 2.000 euros no caso de solicitar unha subvención de 10.000 euros. En caso contrario, a cantidade do SBD débese reducir ao 20% do coste total do orzamento.**

Logo de realizar as aclaracións oportunas, publicamos a listaxe das persoas solicitantes das axudas para coñecemento xeral e para abrir o trámite de emenda das solicitudes.

A listaxe é a que figura na seguinte táboa anexa.

A Coruña, a 21 de outubro de 2022

O Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Ángel Jove Losada

#### ANEXO. EMENDAS REQUERIDAS NAS SOLICITUDES DE AXUDAS

Nº expediente	NIF	PROXECTO	DOCUMENTACIÓN A EMENDAR
CI1/2022/472	***7482**	PEGADAS	
CI1/2022/477	***9947**	CREACIÓN, PRODUCCIÓN E PROMOCIÓN DA CONTINUIDADE DO PROXECTO MUSICAL PAVA	
CI1/2022/478	***7682**	EXPOSICIÓN INDIVIDUAL “VESTIXIOS VEXETAIS” CON ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NA GALERÍA GRELERÍA	
CI1/2022/491	***1501**	MASAKARI	Corrixir proxecto (anexo II), cronograma e orzamento (anexo III). Achegar certificado de ATRIGA e O Concello da Coruña.
CI1/2022/492	***6588**	A CASA DAS CIENCIAS: O SON DO UNIVERSO	
CI1/2022/493	***1789**	PRODUCCIÓN DA MONTAXE “MEDEA” PARA OS CIRCUITOS DE TEATRO CLÁSICO XUVENIL	
CI1/2022/498	***5822**	“CIUDADANO GAME” A EXPOSICIÓN	
CI1/2022/501	***0066**	OS ECOS	
CI1/2022/502	***9744**	O PUNTO IMPROPIO	Achegar formulario de alta en terceiros.
CI1/2022/507	***3512**	CANTOMETRICS: A VIAXE GALEGA DE ALAN LOMAX E JEANETTE BELL	Achegar certificado empadramento, formulario de alta en terceiros e certificados de non ter débedas (Concello, TGSS e ATRIGA) Corrixir Solicitud (anexo I), proxecto (anexo II) e orzamento (anexo III).
CI1/2022/508	***5166**	LOIRUS REX NA REDE	Achegar NIF, certificado de empadramento, formulario de alta en terceiros, certificados de non ter débedas (AEAT, Concello, TGSS e ATRIGA), proxecto (anexo II), orzamento (anexo III), memoria ou CV, e cartas de aceptación se procede.
CI1/2022/509	***3373**	CANDO CAROLINA BAILA...	Achegar formulario de alta en terceiros. Corrixir proxecto (anexo II) e orzamento (anexo III).

Nº expediente	NIF	PROXECTO	DOCUMENTACIÓN A EMENDAR
CI1/2022/510	***0007**	MATERIA POÉTICA. VERSOS NA PAISAXE SONORA DA CORUÑA	Achegar certificados de non ter débedas (AEAT, Concello, ATRIGA e TGSS). Corrixir solicitude (anexo I) e orzamento (anexo III).
CI1/2022/513	***6569**	DISEÑOS EXPANDIDOS	Corrixir solicitude (anexo I) e orzamento (anexo III).
CI1/2022/516	***6816**	A FIESTRA MÁXICA	Achegar formulario de alta en terceiros. Corrixir solicitude (anexo I), proxecto (anexo II) e orzamento (anexo III).
CI1/2022/517	***8527**	BLUES DE MEDIANOITE. Versión extendida.	Achegar certificados de non ter débedas (Concello e ATRIGA). Corrixir proxecto (anexo II) e orzamento (anexo III).
CI1/2022/520	***2210**	NON ABRIR ATA O MOMENTO DE UTILIZALA	Corrixir orzamento (anexo III).
CI1/2022/521	***9923**	CODIGOS EDICION	Achegar copia do NIF e formulario de alta en terceiros. Corrixir solicitude (anexo I) e proxecto (anexo II).
CI1/2022/522	***3795**	PAPAGAIO	Achegar copia do NIF Corrixir proxecto (anexo II).
CI1/2022/523	***9614**	PROCESO DE INVESTIGACIÓN ESCÉNICA"VILLAMISERIA"	Achegar formulario alta terceiros, corrixir proxecto (anexo II) e aclarar orzamento (anexo III).
CI1/2022/524	***3599**	PROXECTO ÍCARO (2). INVESTIGACIÓN E CREACIÓN MUSICAL NO ESPAZO URBANO	Achegar copia do NIF e formulario de alta en terceiros. Corrixir proxecto (anexo II) e orzamento (anexo III).
CI1/2022/525	***4542**	TRAS O CRISTAL	Achegar certificado de empadramento vixente, certificado de non débeda do Concello da Coruña e corrixir Orzamento (anexo III).
CI1/2022/526	***0669**	LUCES E TEBRAS	Achegar NIF, certificado de empadramento e certificados de non débedas , todos este documentos vixentes. Corrixir orzamento(anexo III).
CI1/2022/527	***1762**	VINTE. VISIÓNS, SOÑOS, SONS E MENTIRAS	No cumpre o requisito de empadramento.
CI1/2022/528	***9396**	A PEL PEGADA O ÓSO	Achegar certificado de non ter débedas con ATRIGA, e formulario de alta a terceiros.
CI1/2022/530	***5180**	RETRATOS E BESTIARIOS	Corrixir proxecto (anexo II).
CI1/2022/531	***2136**	CASANOVA DE EIRIS	Achegar formulario alta terceiros e corrixir orzamento (anexo III).
CI1/2022/532	***9961**	SERIE II_ ARCAICA	Achegar certificados de non débeda(AEAT, Concello, TGSS e ATRIGA) e formulario de alta a terceiros. Corrixir orzamento (anexo III).
CI1/2022/533	***3226**	CONTRA A PAREDE	Corrixir solicitude (anexo I).
CI1/2022/534	***5182**	ALERTA EN EL ORZÁN	Achegar certificados de non débedas (AEAT, Concello, TGSS e ATRIGA), corrixir orzamento (anexo III).
CI1/2022/535	***6895**	LEFRENK LIVE A/V 2022	Achegar certificados de non débedas ((AEAT, Concello, TGSS e ATRIGA), corrixir orzamento (anexo III).
CI1/2022/537	***0007**	"EPHEMEROS" CICLO CULTURAL	Achegar certificado de non débedas do concello da Coruña. Achegar os certificados de non débedas (AEAT, Concello, TGSS e ATRIGA). Corrixir solicitude (anexo I) proxecto(anexo II) e detallar orzamento (anexo III). Achegar memoria ou CV, e cartas de invitación se procede.
CI1/2022/538	***9153**	MONODRAMAS NA ESCURIDADE - TEATRO MÍNIMO AMBULANTE	Achegar formulario alta terceiros. Corrixir Orzamento (anexo III).
CI1/2022/539	***6210**	Fase de investigación e creación de material para o novo espectáculo da Compañía Sempre Arriba "O MEU XEITO" (título provisional)	Achegar formulario alta terceiros. Corrixir Proxecto (anexo II) e detallar Orzamento (Anexo III).
CI1/2022/540	***1446**	AS AVENTURAS DE NABIZA GIRL	Achegar a documentación acreditativa da representación, proxecto (anexo II), orzamento (anexo III), formulario de alta en terceiros, memoria ou CV, cartas de invitación se procede.
CI1/2022/541	***8489**	CIANEA	Achegar copia de NIF vixente,, formulario alta terceiros, Corrixir proxecto (anexo II), corrixir orzamento (anexo III).
CI1/2022/542	***4445**		Achegar copia do NIF, certificado de empadramento, formulario de alta en terceiros, certificados de non ter débedas (AEAT, Concello, TGSS e ATRIGA), Solicitude (anexo I), proxecto (anexo II), orzamento (anexo III), memoria ou CV, e cartas de aceptación se procede.
CI1/2022/543	***9698**	PEQUENA FAUNA DO CANTIGUEIRO DE COTOBADÉ	Achegar formulario de alta terceiros. Corrixir orzamento (anexo III).
CI1/2022/544	***5167**	ESMOLA	Achegar copia do NIF, certificado de empadramento, formulario de alta en terceiros, certificados de non ter débedas (AEAT, Concello, TGSS e ATRIGA), proxecto (anexo II), orzamento (anexo III), memoria ou CV, e cartas de aceptación se procede.

Nº expediente	NIF	PROXECTO	DOCUMENTACIÓN A EMENDAR
CI1/2022/545	***3027**	O ENTRELAZAMENTO	Achegar certificados de non débeda de ATRIGA, concello da Coruña e TGSS. Achegar proxecto (anexo II) correctamente cumprimentado e corrixir orzamento (anexo III)
CI1/2022/546	***0168**	CAMPUS INTERSECCIÓN	Achegar certificados de non débedas de ATRIGA, TGSS e Concello da Coruña. Detallar proxecto (anexo II) e corrixir orzamento (anexo III). Achegar memoria ou CV, e carta de invitación, se procede.
CI1/2022/547	***8589**	XERME	Achegar formulario alta terceiros.
CI1/2022/548	***4091**	DOBREZ	Achegar formulario de alta en terceiros. Corrixir proxecto (anexo II) e orzamento (anexo III).
CI1/2022/549	***1335**	CASA-REFUXIO MARÍA OTERO	Achegar copia do NIF, formulario de alta en terceiros, certificado de non ter débedas (ATRIGA) Corrixir proxecto (anexo II) e orzamento (anexo III). Memoria e CV da persoa solicitante.
CI1/2022/550	***6505**	PUBLICACIÓN DE CATÁLOGO DE ARTE INTERACTIVO	Achegar formulario de alta en terceiros, certificado de empadramento e certificados de non ter débedas (Concello, TGSS e ATRIGA). Corrixir proxecto (anexo II) e orzamento (anexo III).
CI1/2022/551	***3269**	TENTATIVA DE ESGOTAMENTO DUN LUGAR MONTEALTINO	Corrixir proxecto (anexo II) e orzamento (anexo III).
CI1/2022/552	***8425**	ELABORACIÓN DUN GUIÓN PARA DOCUMENTAL AUDIOVISUAL SOBRE OS XORNALISTAS CORUÑESES OLGA CRISTINA VIAÑO E ÁNGEL PADÍN	Achegar formulario de alta en terceiros, certificados de non ter débedas (Concello, TGSS e ATRIGA) e memoria ou CV da persoa solicitante. Corrixir orzamento (anexo III).
CI1/2022/555	***1681**	O COIDADO	Solicitud achegada fora de prazo.
CI1/2022/557	***0515**	CHORIMA	Achegar solicitude (anexo I), formulario de alta en terceiros, certificado de empadramento e certificados de non ter débedas (AEAT, Concello, TGSS e ATRIGA). Corrixir proxecto (anexo II) e orzamento (anexo III).

2022/6588